

O MONTE DO FARO




Na sexta etapa do camiño de inverno, que vai de Chantada a Rodeiro {26km}, atópase a Ermida do Faro, situada na Serra do Faro a case 1200m de altura.

A Ermida de orixe románica está construída en honra á Virxe do Faro cara a cal hai gran devoción na comarca. O actual templo, construído na segunda metade do século XVII, está edificado sobre outro de orixe anterior, quizais de orixe pagano, pero foi cristianizado co paso do tempo.

Diante da igrexa hai un cruceiro que representa o crucifixo de Xesús. O 8 de setembro celébrase en honra á virxe do Faro unha procesión desde a igrexa da Santiago de Requeixo ata o santuario do Monte do Faro. A romería xunta gran número de fieis de toda Galiza. No ascenso podemos atopar varias fontes de carácter "milagreiro" como "O rego da Ortiga" {curaba dor de bariga}, "A fonte dos meniños" {daba saúde aos rapaces}... Pero a máis importante é "A fonte da Virxe", situada debaixo da Ermida e cuxa auga crese que ten propiedades curativas.

Este día tamén se celebra o Camiño da Virxe, na cal os devotos percorren de xeonllos o último tramo do ascenso en mostra de afecto á Virxe, coa finalidade de que lles cumpla algún dos seus desexos importantes. Despois da procesión, celébrase misas ao longo do día dentro e fóra da Ermida; é costume deixar unha candeia en honra á Virxe.

A festa remata ao día seguinte, "A Filla" é devolta ao seu lugar de orixe.



Mais adiante atópase a Igrexa de San Xoán de Camba, do cal non quedan restos orixinais, xa que foi reformada en 1618.

Desta edificación destaca que está conectada directamente coa Casa Fortaleza de Camba, que antigamente era un recinto amurallado defendido por torres . Pertencía a Fernando de Camba, un noble que participou na Guerra de Granada xunto aos Reis Católicos.

A día de hoxe podemos encontrar a tumba de Fernando no cemiterio da igrexa colindante ,pero está roto, xa que foi saqueado , pois segundo a lenda foi enterrado cunha armadura de ouro.

A fortaleza foi transformada en pazo, actualmente é propiedade privada e non se pode visitar, pero dende o exterior pódese apreciar trazas da fortaleza.

Xa no final da etapa, en Rodeiro , atópase a Casa Consistorial-Fortaleza, que actualmente é o concello da localidade .

